

Resultados do crecemento e da homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?

DRA. TOVE SKUTNABB-KANGAS, EMERITA

Roskilde University, Denmark. Åbo Akademi University, Finland.

www.Tove-Skutnabb-Kangas.org

skutnabbkangas@gmail.com

1. Introducción

O mundo estase enfrontando a varias crises ligadas entre si, onde moitos dos factores causais se recollen baixo o paraguas do crecemento e da homoxeneización. Anthony Giddens escribe, no seu libro *The consequences of Modernity* (1990), sobre os medios de risco e de ameaza. Situou as ameazas que xulgaba que xa non existían en 1990 nas nosas culturas modernas baixo o lema culturas pre-modernas: «Ameazas e perigos emanan desde a natureza: prevalecen as enfermidades infecciosas, unha climatoloxía pouco fiable, inundacións e outros desastres naturais». Non obstante, a discriminación por crecemento e a homoxeneización, en gran parte, volveron a traer de novo estas ameazas. A Nai Terra está a reaccionar ante esta explotación e o abuso insistente que sofre por parte da humanidade. A resposta que prevalece entre os que sustentan o poder tocante a crise continúa a ser «máis do mesmo»: máis crecemento, máis homoxeneización.

Estanse a explorar algúns camiños alternativos. Algunhas persoas acreditan nunha solución tecnolóxica, incluído o que chaman crecemento verde. Outras ollan cara aos coñecementos tradicionais, incluído o Coñecemento Tradicional Ecolóxico (TEK). O Consulado Internacional da Ciencia (www.icsu.org) aceptou nun informe de 2002 que o Coñecemento Tradicional Ecolóxico sobre flora, fauna e ecosistemas adoita ser máis sofisticado e emprega categorías máis precisas e matizadas que a maioría da ciencia occidental. Preocupáballes que este coñecemento fose invalidado polo tipo de sistema de ensino occidental. Ora ben, unha precaución importante é admitir que todo o coñecemento tradicional non resulta válido e pode estar baseado en mitos, e en

competición polo prestixio. Igualmente importante é admitirmos que algúns coñecementos baseados no coñecemento occidental poden ser igual de inválidos. Na globalización das corporacións actuais, a competencia entre as multinacionais pode conducir cara á explotación: por exemplo, as grandes dilixencias do coñecemento imperialista, ou os intentos de patentar varios aspectos da vida por medio de compañías farmacéuticas, ou explotando pozos petrolíferos como no Canadá. As multinacionais crean os seus propios mitos e ideoloxías no proceso de competición polos xeralmente escasos recursos e para lexitimar os seus métodos desastrosos.

Algunhas lexitimacións dos mitos tamén ocorren en e a través das escolas e universidades. O mito da necesidade do crecemento económico (*growthism*) é un dos perigosos. Outro mito igualmente perigoso e ligado a este concibe a homoxeneización do traballo, dos procesos e dos produtos como un pre-requisito imprescindible para os mercados, ao lles presupor que crean crecemento. A lexitimación disto é que unha parte deste crecemento se filtre e lles chegue ás persoas pobres do mundo. Isto, evidentemente, non está a acontecer.

Existen diversos grupos, entre eles os representantes educados ao xeito occidental de varias ciencias incluído os médicos e representantes dos coñecementos tradicionais, a que pertencen tamén os chamáns e as mulleres e homes da medicina, que durante a última década ou dúas intentaron discutir, debater e esclarecer a relativa validez e rendibilidade dos seus respectivos coñecementos e as responsabilidades que aparecen logo de teren eses coñecementos. Estas cuestións xa foron discutidas polas xentes indíxenas e os científicos non occidentais xa hai moito tempo. Mais semella que estas discusións en abundantes subcampos dominantes (*mainstream*, outro termo cargado de significados e, por tanto, impreciso) da lingüística aplicada (por exemplo ESL ou ensino bilingüe) atópanse quer no seu comezo quer desapareceron do discurso, non mudaron as formas en que estes ámbitos actúan nin o xeito en que se ollan a si propios. Moi ao contrario, co apoio destes campos de investigación aínda se continúan a cometer e a lexitimar xenocidios e crimes lingüísticos contra a humanidade no ensino, e na maioría de casos os/as autores/as nin sequer son conscientes de como será etiquetado o que están facendo ou lexitimando.

Etiquetar algún coñecemento como coñecemento tradicional ecolóxico pode, alén disto, formar parte dun proceso de invalidación. Están, efectivamente, reproducindo o seu poder colonial e neocolonial ao cuestionaren e reduciren as epistemoloxías indíxenas, as filosofías e os xeitos de facer ciencia a simple sabedoría local ou a ciencia étnica por parte dos científicos occidentais. Isto implica unha colonización do coñecemento. O acceso ao coñecemento occidental académico é presentado como o

acceso ao mundo moderno e ao desenvolvemento, o que reproduce os lazos do colonialismo (Pérez 2009: 213).

Esta disertación discutirá algúns destes asuntos científicos e outros neoimperialismos dentro dalgúns subcampos da lingüística aplicada, especialmente no ensino dun xeito integral con argumentos procedentes do ensino, da socioloxía, da lexislación sobre dereitos humanos, da teoría poscolonial, dos estudos sobre biodiversidade e dos estudos sobre o mantemento de linguas ameazadas e linguas vivas (véxase Dunbar/Skutnabb-Kangas 2010). O enfoque deste relatorio presenta os resultados directos ou indirectos do crecementismo e da homoxeneización ecolóxica e lingüística nos sistemas educativos.

2. Algunhas definicións iniciais: *growthism* ou crecementismo, homoxeneización, globalización, biodiversidade, antropocentrismo, sustentabilidade (crecemento verde) e ecouxustiza. Homoxeneización e crecementismo en relación coas linguas. As razóns de definirmos conceptos

Crecrementismo

O crecemento polo ben do crecemento é a ideoloxía da célula canceríxena (EdwardAbbey, http://thinkexist.com/quotationgrowth_for_the_sake_of_growth_is_the_ideology_of/204355.html).

O significado real do progreso do capital é que o crecemento debe proseguir até todos os obxectivos desexábeis remataren por se esgotaren e por se destruíren. A preservación de calquera equilibrio ecolóxico e humano, en sentido máis global, é negada na teoría e na práctica. Continuado polo seu ben e sen referencia a condicións existentes, o crecementismo é un cancro que produce unha continua diminución *per capita* e beneficios ilusorios – até que o espazo para a liberdade remate por esgotarse e a nosa dependencia e desesperación remate por ser completa (Kent Welton, <http://nooventures.edublogs.org/2007-08-28-growthism-by-kent-welton/>).

O *growthism* foi introducido na lingüística aplicada por Michael Halliday na súa idea central na Conferencia AILA en Thessaloniki en 1990. En outubro de 2011 había arredor de 16 000 entradas de *growthism* en Google. *Growthism* é unha manifestación especial de antropocentrismo. Dicimos como é de grande a casa e non como é de pequena, como é de rápido o coche e non como é de lento (véxase Fill 2001: 68).

Especialmente interesante é a aplicación do concepto de *growthism* ás linguas. Así, o emprego dalgúns idiomas crece como células cancerixenas a custa doutros. Están entre estes idiomas o árabe, o chinés, o inglés, o francés e/ou o español? Respondermos esta cuestión de maneira correcta é crucial para termos un diagnóstico acaído da contexto mundial no que se refire ao futuro da diversidade lingüística.

Homoxeneización ‘Facer uniforme ou similar’

Homoxéneo [como adxectivo] significa unha consistencia de partes ou xente que son semellantes entre eles ou son do mesmo tipo. *Homoxeneidade* [como substantivo] significa que todos son dunha clase ou natureza iguais ou semellantes. En termos ecolóxicos tamén se pode expresar como unha falta de ou unha redución de biodiversidade. A riqueza de especies é a unidade fundamental para avaliarmos a homoxeneidade do medio. Por tanto, calquera redución na variedade das especies, especialmente de especies endémicas, pode ser argumentada como unha avogación pola produción dun medio homoxéneo (http://en.wikipedia.org/wiki/Homogeneity_%28ecology%29).

É interesante para entendermos o significado básico do que queremos transmitir mudarmos *ecolóxico* por *sociolingüístico*, *biodiversidade* por *diversidade lingüística* e *riqueza de especies* por *riqueza lingüística*. Homoxéneo significa unha consistencia de partes ou xente que son semellantes entre eles ou son do mesmo tipo. Homoxeneidade significa que todos son dunha clase ou natureza iguais ou semellantes. En termos sociolingüísticos tamén se pode expresar como unha falta de ou unha redución de diversidade lingüística. A riqueza lingüística é a unidade fundamental para avaliarmos a homoxeneidade do medio. Por tanto, calquera redución na variedade das especies, especialmente de linguas endémicas, pode ser a base para propugnar a produción dun medio lingüístico homoxéneo. É posíbel, por suposto, aplicar o concepto de homoxeneización ás linguas. E é verdade que a desaparición de linguas provoca que o medio lingüístico sexa máis homoxeneizado e, por conseguinte, máis pobre.

Homoxeneización e McDonaldización

Outra definición de interese é o concepto de McDonaldización (Hamelink, Ritzer) ou de Cocacolarización. Esta derradeira forma, talvez por sinalar un produto singular e particular tamén con connotacións específicas, foi o primeiro nome atribuído ao fenómeno discutido hoxe baixo o título de «McDonaldización» (que toma o nome dunha

franquicia empresarial máis xeral). Cees Hamelink, investigador dos medios, e George Ritzer, sociólogo, teñen definicións complementarias e ningunha delas aparece na bibliografía do outro. Hamelink é moito máis crítico co fenómeno e discúteo desde un punto de vista global e estrutural, mentres que Ritzer semella vacilar entre a crítica e a fascinación e individualiza a McDonalidización en termos dos clientes e daqueles que desenvolveron a primeira empresa McDonalidizada» (Skutnabb-Kangas 2000: 456).

A definición de Ritzer de McDonalidización é, basicamente, a seguinte. Trátase do proceso en que os principais restaurantes de comida rápida están dominando cada vez máis, tanto sectores da sociedade americana como do resto do mundo. As dimensións básicas da McDonalidización son a eficiencia e a cuantificación. Eficiencia, cuantificación, predictibilidade, aumento do control a través da substitución da tecnoloxía non humana pola que é humana e os que semellan ser inevitábeis sistemas racionais de produción (racional no sentido weberiano) – a irracionalidade da racionalidade.

Para Hamelink, McDonalidization é parte da produción para os mercados globais onde os produtos e a información se enfocan en crear a impresión de clientes globais que queren servizos globais que veñen de provedores globais (Hamelik 1994: 110). A McDonalidización desenvólvese como unha agresiva mercadotecnia; a información controlada flúe para que a xente non se enfrente cos efectos secundarios a longo prazo provocados polo estilo de vida ecoloxicamente prexudicial, a vantaxe competitiva en contra dos provedores de cultura locais, a obstrución á iniciativa local, todos converxen nunha redución do espazo da cultura local. Coido que isto é o que tamén está a acontecer no caso da lingua galega.

Globalización

Ao falarmos de globalización estamos a ponderar o esforzo para estandarizar os hábitos, os valores e as maneiras de pensar das persoas consumidoras, algo que contribúe ao desenvolvemento dos mercados globais na liña de obter unha maior eficiencia e de producir máis beneficios. Politicamente, está baseado en postulados e valores neoliberais que xustifican esta última expresión da colonización occidental; socava as economías locais, as tradicións de autosuficiencia e os aspectos non monetarios das culturas locais; supón, finalmente, unha fonte de pobreza xa que precisa de participar nunha economía do diñeiro aínda cando a automatización fai que o emprego sexa aínda máis escaso; é destrutiva co medio ambiente e convértese nunha forza abafante

(véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict016.php>).

Parenti di que a globalización é a procura de estender o control do monopolio das corporacións por todo o globo. E de o facer en cada economía nacional, en cada economía local, en cada vida.

Pierre Bourdieu di que a globalización é a universalización ideolóxica de modelos particulares. Bourdieu (2001: 96-97) describe a globalización actual como un pseudo-concepto que resulta tanto descritivo como prescritivo, o cal substituíu a modernización, que foi moi empregada nas ciencias sociais nos EUA como un xeito eufemístico para impoñeren os poderes un modelo de evolución etnocéntrico e inxenu polo que se clasificaba ás diferentes sociedades tendo en conta a distancia existente entre estas e a sociedade economicamente máis avanzada, por exemplo a American Society. Bourdieu subliña que a globalización e o modelo que expresa encarnan a forma máis lograda de imperialismo universal que consiste en que unha sociedade, neste caso os EUA, universaliza a súa particularidade de xeito encuberto como modelo universal. E podemos preguntarnos se isto tamén acontece lingüisticamente.

Biodiversidade

O mundo natural ten moitas capas e é interdependente – desde a ecoloxía dos microorganismos á ecoloxía das plantas, dos animais e dos seres humanos; a renovación das especies depende da diversidade dos sistemas vivos; a biodiversidade é a base da vida e minala é minar a vida mesma; o contrario da forma de pensar antropocéntrica (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict016.php>).

Antropocentrismo

É o xeito de pensar no mundo natural como unha fonte que debe ser explotada para os propósitos humanos; o fado do medio vai separado do dos humanos; os humanos son racionais mentres que o ambiente é percibido como salvaxe e con necesidade de ser posto baixo o control racional – ou substituído por un medio artificial creado por expertos científicos e tecnolóxicos; a chave da forma de pensar occidental ten as súas raíces no *Libro da Xénese* (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dicterm/CAdict001.php>).

Sustentabilidade (Creceemento verde)

Unha palabra que está sendo adoptada polas corporacións para sosteren a ilusión de que as súas prácticas son sustentábeis tendo en conta o medio, cando o que realmente significa a palabra é que os seus beneficios son sustentábeis. Dentro do contexto de pensar nas reformas educativas que encaran a ecouxustiza e a revitalización das xentes, a sustentabilidade fai referencia a prácticas culturais que non degradan a axilidade que teñen os sistemas naturais para se renovaren a si mesmos; a énfase en non degradar as perspectivas de futuro e así abranguer tanto os sistemas culturais como naturais.

Ecouxustiza 1

Os aspectos da ecouxustiza en que se deben focalizar as reformas da educación tanto nas universidades como a un nivel público están ligadas coa necesidade de reducir o impacto na cultura do consumidor industrial de todos os días, mentres que ao mesmo tempo asegura que a xente non está empobrecida e limitada en termos de igualdade de oportunidades. Os cinco aspectos da ecouxustiza que teñen especial significado para os reformadores da educación inclúen os seguintes:

1. Eliminar as causas do eco-racismo.
2. Rematar coa explotación e colonización cultural do norte co sur (culturas do Terceiro Mundo).
3. Revitalizar as xentes para conseguir un equilibrio saudábel nos aspectos da vida en comunidade entre mercado e non mercado.
4. Garantir que as perspectivas das xeracións futuras non sexan minguadas polos arrogantes e por unha ideoloxía que manexa a globalización da cultura industrial de occidente.
5. Reducir a ameaza referida por Vandana Shiva como «democracia terrenal» -isto é, o dereito dos sistemas naturais de se reproduciren por si mesmos en vez de teren a súa existencia en continxencia ás demandas dos seres humanos. A ecouxustiza achega un marco conceptual e moral máis amplo para entendermos como acadar o obxectivo da xustiza social (véxase o dicionario *EcoXustiza* de Chet Bower, accesíbel na rede no enderezo <http://www.cabowers.net/dictterm/CAdict010.php>).

Moitos máis conceptos deben ser definidos, criticados, cuestionados en ámbitos onde o idioma traballa como un foco central e unha ferramenta de mudanza. O relevante para os obxectivos destas xornadas debe focalizarse nas consecuencias sociopolíticas

dos nosos conceptos sobre a lingua e a cultura. Coido que a pedagogía da linguaxe resulta ser unha ferramenta moi importante de poder político. Penso que soamente onde se coñecen abertamente as ferramentas de poder poden ser criticadas abertamente e son accesíbeis para tod@s, pode funcionar ben unha verdadeira democracia (Scollon 2004: 272).

Como investigador@s e educador@s, a nosa primeira responsabilidade é examínamos con coidado e criticamente os termos e os conceptos que constitúen a caixa de ferramentas para o noso traballo. Como é que describen e enmarcan as características do estudantado de linguas e as súas comunidades? A que amplitude se circunscriben ou se expanden as oportunidades e os potenciais do estudantado? Que orientacións de planificación lingüística se apuntalan baixo terminoloxías e conceptos concretos? Que intereses están a servir? Despois nós podemos empregar esas ferramentas estratexicamente cara a fins de xustiza social. Aínda que as mudanzas só na terminoloxía non poden inverter as desigualdades no ensino, con todo, son esenciais para o desenvolvemento do discurso contrahexemónico que respecta e promove os dereitos lingüísticos humanos.

3. Altos niveis de multilingüismo poden apoiar a diversidade e a creatividade e o crecemento cualitativo

O crecemento cualitativo é oposto ao crecemento cuantitativo McDonalidizado, con marca homoxeneizada, globalización corporativa e ecoloxicamente prexudicial.

Creatividade, innovación, investimento e multilingüismo

A creatividade precede a innovación, tamén na produción de mercadorías, e o investimento segue a creatividade. O plurilingüismo aumenta a creatividade. As persoas que teñen un bo nivel en máis dunha lingua como grupo teñen mellores resultados que as monolingües nas probas que miden diversos aspectos da intelixencia, da creatividade, do pensamento diverxente, da flexibilidade cognitiva etc. A homoxeneización mata a creatividade. A homoxeneización é mala para a economía. As escolas podían ter un bo nivel de multilingüismo para o conxunto do alumnado a que se dirixen, mais a realidade é bastante diverxente deste proxecto inicial, que non deixa de ser, na maioría dos casos, máis que unha declaración de intencións.

A homoxeneización significa control, é inimiga da democracia, da diversidade e da creatividade

A homoxeneización de tipo ‘marca’ é o núcleo do control das corporacións (e análogos). A homoxeneización tradúcese fundamentalmente en control e é a principal inimiga das diversidades e da democracia. A homoxeneización especialmente neste ámbito, no referido particularmente á homoxeneización lingüística é unha estratexia anticuada monolingüe, monocultural e, ultimamente, unha estratexia autodestrutiva. Mediante a creación dunha seguranza que está conectada a sempre achar o mesmo *Holiday Inn* ou *Wal-Mart* ou a mesma lingua, non se corre ningún risco, o poder toma o control absoluto e a creatividade morre. Velaquí como podemos exemplificar esta cuestión pensando na EU, nas escolas, no proceso de Boloña etc. Todo ten que ver coa homoxeneidade e o control.

Vendendo imaxes e non produtos: as marcas

A uniformidade está detrás do éxito de vender grandes marcas como *Coke* ou *McDonalds*. As marcas venden unha imaxe e non un produto. Algún tipo de uniformidade *pode* que promovese aspectos da industrialización; en sociedades de información en cadea postindustriais a uniformidade será definitivamente un impedimento para os individuos e as sociedades.

A pregunta crucial para o tema que nos ocupa é a seguinte: pode o ensino homoxeneizado producir creatividade?

As marcas como monólogo das corporacións vs «Occupy Wall Street» como diálogo social

No mundo das corporacións, unha vez que unha marca se establece, refórzase con precisión militar. A pesar dalgunha adaptación, as características do seu núcleo non mudan e as marcas son como mensaxes controladas dun sentido único, enviadas o máis brillantemente posíbel e logo fechadas a aquelas persoas que poden transformar o monólogo das corporacións en diálogo social (véxase Klein 2002).

É ESOL «Inglés para persoas falantes doutras linguas» unha marca homoxeneizante? E o español para persoas estranxeiras?

As características centrais do proxecto de inglés para persoas falantes doutras linguas resúmense, esquematicamente, nos seguintes trazos:

1. Vende unha imaxe.
2. Nunca ou case nunca mantén o que promete.
3. Ensinado ás expensas doutras linguas pode matar a diversidade nunhas poucas xeracións.
4. Xerarquiza as sociedades, por exemplo pode que traballe en contra da democracia.

Aceptar, valorar e celebrar varias variedades locais de inglés (xeográficas, baseadas en clases e idades) pode ser enganoso. A competencia no inglés escrito estándar (Reino Unido, EUA, Australia, etc.) é, de todos os xeitos, un requirimento para a maioría de traballos considerados de prestixio.

Daquela, se ESOL é unha marca homoxeneizante...

Como é que se poderán manter e desenvolver outros idiomas? Como pode a aprendizaxe en exclusiva de inglés tornarse aditiva? Como é que a xente de a pé terá acceso ao que promete o inglés coa falsa imaxe que dan:

- Recursos materiais (por exemplo, mellores traballos)?
- Recursos ideolóxicos (máis democracia e dereitos humanos)?

Como se pode facer para ensinar inglés dun xeito que non sexa homoxeneizante?

Se mudares «inglés» por outra lingua imperialista, por exemplo o español, obterás resultados paralelos: se «ensinar español a persoas falantes doutras linguas en España» é unha marca homoxeneizante...

Poden manterse e desenvolverse as outras linguas do Estado español? Como? O máis relevante é que hoxe en día se ensina español en vez doutras linguas nacionais? Pode tornarse o ensino do español inclusivo en lugar de excluínste? Como?

Para podermos intervir e planificar sobre esta cuestión temos que nos preguntar que é o que promete o español e se se está ou non a dar unha falsa imaxe? Como poden as persoas ter acceso ao que promete o español sen sacrificaren as súas propias linguas? Poden obter recursos materiais, por exemplo, mellores traballos?

4. Demandas en falso que proclaman como problemas os intentos de se manteren e desenvolveren as minorías e a diversidade

Algunhas (non sei se son moitas en realidade) persoas preguntánselle se a diversidade é innecesaria e antieconómica. Interróganse asemade sobre a necesidade de se manteren as linguas minorizadas. Se a resposta for, si, cómpre mantelas por bonitas e románticas, ben axiña pasarán deste sentimento a asumir o moito máis doado: «mais esquéceas, sé modern@!».

Existen, por tanto, falsas demandas dalgúns investigadores, como Patten & Kymlicka (2003: 3-9) que presentan á cidadanía cuestións contrarias ao desenvolvemento das linguas como as que podemos resumir nestas tres ideas básicas:

1. A diversidade lingüística complica as cousas.
2. A diversidade lingüística é un dos maiores atrancos para construímos un sentido máis forte de cidadanía europea.
3. A diversidade lingüística é un problema.

Linguaxes rexionais: atraso, pobreza, inferioridade?

Unha das influencias máis evidentes na actitude da centroesquerda é a asociación persistente de as linguas rexionais equivaleren a atraso, a pobreza e a inferioridade. Así, en moitos lugares existe unha forte crenza de que para avanzar e progresar é preciso abandonar a lingua local (Naomi Wells 2011: 132).

Esta posición ten unha base forte na ideoloxía de esquerdas e liberal, en cuxa virtude restrinxir as masas a empregaren o idioma local era vista como un xeito que tiña a elite de excluílas do poder.

Linguas locais anticuadas?

Deste xeito, houbo dirixentes de centros esquerda que puxeron explicitamente o ensino das linguas locais nas escolas en contraposición ás chamadas materias modernas, como o inglés ou a tecnoloxía da información, reforzando así o punto de vista de que as linguas locais son incompatíbeis co mundo moderno e deben ser relegadas ao pasado (Wells 2011: 132).

Semella incomprensíbel para moitos membros da centros esquerda que algún pai ou nai desexa animar ás súas crianzas a aprenderen a súa lingua local. Colócana así nunha clara oposición ao estudo de linguas estranxeiras e de informática, e é presentada como incompatíbel co mundo moderno (Wells 2011: 132).

Estas ideas adoitan ir acompañadas do preconceito de as persoas que pertencen a movementos como o da recuperación lingüística seren rexeitadas por pequenoburguesas e/ou intelectuais que se moven por intereses propios tentando manter a lingua por razóns nostálxicas.

O capital lingüístico é a miúdo ligado a outras formas de capital como o social, económico e político. Isto significa que as persoas falantes de linguas rexionais / minoritarias / minorizadas se enfrontan en numerosas ocasións coa escolla de ficaren leais á súa cultura e ás súas tradicións (mais con desvantaxes sociais) ou abandonala para aumentar as súas perspectivas.

Empréganse argumentos de mobilidade social acotío para oporse ás políticas de revitalización lingüística, xa que «se tomar en serio a preservación lingüística supón adoptar políticas que impiden espallar a alfabetización ou que obstaculizan o acceso á maioría da sociedade e da economía, logo isto semella ser un prezo demasiado alto para pagar» (Kymlicka & Patten 2003: 47; Wells 2011: 119).

Debería o Estado español impor os seus criterios?

Laitin e Reich «queren ceder poder aos estados para obrigaren a pais e nais a que limiten os repertorios lingüísticos das súas crianzas» (Laitin/Reich 2003: 98).

Non forzar ás minorías a asimilar leva ao antagonismo?

Non forzar as minorías a «integrarse lingüísticamente» (a asimilarse, se o traducimos correctamente), cun «ensino público estándar nunha lingua común serve para separar a cidadanía en grupos distintivos e antagonistas» (Kymlicka / Patten 2003: 12).

Sodes separatistas rexionais?

Os pais e as nais que queren un ensino medio na súa lingua nai son «separatistas rexionais» (Kymlicka & Patten 2003: 97).

Algún de vós é un emprendedor lingüístico dos grupos minoritarios?

O termo preferido de David Laitin e Rob Reich (2003: 94) para as persoas que queren que as linguas minoritarias sobrevivan é «emprendedores lingüísticos dos grupos minoritarios». Por tanto, non somos investigador@s que basean as súas teses en estudos serios e comprobados cientificamente senón que somos emprendedores lingüísticos dos grupos minoritarios.

Todas estas e demandas similares non é que sexan unicamente falsas e sen fundamento, mais tamén son tendenciosas política e ideoloxicamente. Reflicten ignorancia e reduccionismo monolingüe.

As actitudes que perciben o monolingüismo como algo normal, desexábel, suficiente e inevitábel conducen á homoxeneización lingüística, apostan polo crecemento cuantitativo das linguas dominantes a costa de todas as outras linguas.

Por que non se están a pór en práctica os resultados das investigacións? Neoimperialismo? Control imperialista moderno «sen axentes»?

É bo para as crianzas lexitimaren o que demandan as elites?

A soberanía tomou unha forma nova, composta por unha serie de organismos nacionais e supranacionais unidos baixo unha mesma ideoloxía de poder. Esta nova forma global de soberanía é o que nós chamamos imperio. O imperio non está formado

baseándose na forza en si senón que se fundamenta na capacidade de representar a forza como se estivese ao servizo dos dereitos e da paz (véxase Hardt / Negri 2000: 12-15).

Precisamente isto é o que fan as elites cando intentan enganarnos para crer que a educación na lingua minoritaria ou manter as linguas minoritarias é algo que nos prexudica, o que queren dicir é o que eles nos imponen, a asimilación, é para que teñamos vantaxes, dereitos e paz. Estes son vellos problemas, mais non parece que vaian desaparecendo.

Dilemas do pluralismo liberal

A miúdo, estar de acordo con algúns dereitos culturais para as minorías é empregado para lexitimar a falta de igualdade estrutural. Do mesmo xeito, os obxectivos estruturais e culturais percíbense falsamente como unha cuestión de «ou unha ou outra» - un dilema típico do pluralismo liberal (Skutnabb-Kangas 2000: 129).

Reconciliar as demandas na identidade e na igualdade

A cuestión aquí non é sobre a necesidade de ter que escoller entre traballo e identidade, senón como «reconciliar os problemas ou as preocupacións lexítimas da diversidade cultural e da identidade cos desexos e coas demandas sociais lexitimadas para alcanzar a igualdade», ou «recoñecer as presións competitivas das dimensións expresivas e instrumentais da etnicidade – esta última preocupada cos aspectos máis materiais da vida, especialmente coas necesidades económicas, sociais e poder político na parte das persoas integrantes dun grupo étnico minoritario» (Jayasuriya 1986: 8, citado en Skutnabb-Kangas e Cummings 1988: 393). E o dilema reside nun acordo entre grupos minoritarios e dominantes sobre os dous (Skutnabb-Kangas 2000: 129).

Estratexias e asimilados da elite

Ningunha elite quere mudar un sistema desigual. En moitos países, a estratexia foi deixar pasar uns cantos individuos tirados das minorías (asimilados), para así mostralos ao resto do grupo para logo poderen ser culpados os demais individuos por non faceren o mesmo, por non adquiriren os instrumentos precisos para triunfar e formar parte do grupo dominante. Os asimilados poden ser empregados tamén para usos de lexitimar unhas medidas tomadas coa intención de assimilar o resto do grupo – funcionan como

«voceiros» tomados para os seus grupos cando realmente son voceiros para o grupo dominante. Ao mesmo tempo son estratexias que podería utilizar un grupo minoritario para mudar o seu colectivo.

Falsa racionalización ou / ou socioeducacional

Antes a situación era español ou a lingua inicial, a propia de cada territorio, mais agora entran en xogo o español e o inglés, o que, máis ben antes que despois, vai significar que non hai sitio para as linguas maternas, propias e/ou dominadas. Moitos pais e nais falantes de linguas minoritarias reciben continuamente mensaxes sobre que as súas crianzas precisan aprender inglés e español. E isto significa necesariamente sacrificar a lingua propia. Despois dunha xeración, as súas crianzas pode que saiban español bastante ben e algo de inglés, en lugar de aprenderen a lingua propia e o español e, como lingua adicional, o inglés ou outra. E a pregunta aquí é a seguinte: mais é suficiente o inglés? E no caso de conseguiren aprender inglés, até que punto ou grao deben facelo?

Teorías do fornecemento e da demanda predín

Cando moitas persoas posúen o que antes era unha comodidade escasa (inglés case nativo) o prezo baixa. O valor de dominar o inglés *perfectamente* como un incentivo financeiro decae substancialmente cando unha proporción grande da poboación dun país ou dunha rexión saben ben o inglés.

Competencias plurilingüistas no mercado laboral

Non é preciso escoller, pois ambas son perfectamente posíbeis. O inglés *bo* será como o analfabetismo onte ou como os coñecementos informáticos hoxe: necesarios mais non suficientes para os traballos de prestixio. O multilingüismo é o futuro. Estou certa de que para o 2050 aquelas persoas que sexan voluntariamente monolingües en inglés, isto é, aquelas que puideron aprender mais linguas mais non quixeron, serán dinosauros monolingües de inglés que exporemos en museos patolóxicos.

O profesor Stephen Krashen di que o problema de lectura de California inclúe a xente que fai política e que non le as investigacións que se fan. Seguramente teremos que nos preguntar se as persoas que se dedican á política na Galiza tamén actúan así?

A educación é o cambio lingüístico planificado

As autoridades do sistema de ensino, máis que o resto de especialistas autorizados, están profundamente implicados no plan de mudanza de lingua... O ensino é un mecanismo útil de mudanza de linguaxe altamente irreversible... A habitual crítica posmoderna... perde o barco completamente (Fishman 2006: 320).

Evidentemente, no lugar de ou ademais coa violencia física, o ensino participa destruindo a diversidade lingüística e cultural empregando violencia ideolóxica e estrutural:

- Estruturalmente: organizan as escolas para que fiquen excluídas as linguas propias da poboación indíxena e das minorías (incluída a minoría inmigrante).
- Ideoloxicamente: estigmatizan estas linguas e culturas, glorifican as linguas do poder e racionalizan a súa relación. Ou / ou, no lugar de ambas e / e. «Nós» estamos gratuitamente, sen ánimo de lucro, «axudando» «a el@s» e el@s quérenos «para o seu propio ben». El@s beneficianse (nós demandamos...).

5. Por que é importante para o futuro do planeta manter todos os distintos idiomas do mundo? A relación entre biodiversidade e diversidade lingüística e cultural

A palabra en okanagan que designa «o noso sitio na terra» e «a nosa lingua» é a mesma. Nós pensamos na nosa lingua como a lingua da terra. Isto significa que a terra foi a que nos ensinou a nosa lingua. Sobrevivimos por falarmos a lingua que nos ofreceu a terra. Coñecer todas as plantas, animais, estacións e a xeografía é construír unha lingua para eles. Tamén facemos referencia á terra e aos nosos corpos coa mesma raíz silábica. Isto significa que a carne que forma o noso corpo en parte chegou a nós a través do que é a terra. O solo, a auga, o aire e todas as outras formas vivas contribuíron para dar lugar á carne de que estamos feitos. Nós somos a nosa terra / o noso sitio. Non saberíamos isto nin o celebraríamos se non fose pola terra e pola lingua. Ficaríamos desprazados... Sei o que se sente cando se é unha especie en perigo de extinción na túa propia terra, ver como morre a terra con nós. É o meu corpo o que está sendo esfarelado, deforestado e envelenado polo desenvolvemento. Cada peixe, cada planta, cada insecto, cada paxaro e cada animal que desaparece é unha parte de min que morre. Sei todos os seus nomes e tócoos co meu espírito.

Unha versión curta das razóns para mantermos a diversidade lingüística

1. A diversidade lingüística e a biodiversidade están ligadas correlacionalmente e probabelmente tamén causalmente.
2. Moito do coñecemento (que é preciso) sobre elementos dos ecosistemas integrados e a relación entre estes elementos e sobre como manter a biodiversidade está codificado nas pequenas linguas locais e indíxenas.
3. As persoas que falan moitas das linguas en perigo viven nas áreas máis diversas biolóxicas e lingüísticamente falando.
4. Matando estas linguas (ou deixándoas morrer) matamos así moitos dos requisitos indispensábeis para mantermos a biodiversidade.

A linguaxe, o coñecemento e o medio estiveron intimamente ligados durante a historia da humanidade. Esta relación aínda é aparente especialmente nos indíxenas, nas minorías e nas sociedades que manteñen lazos estreitos, tanto materiais como espirituais, co seu medio. Durante as xeracións, estas xentes foron acumulando unha rica sabedoría tocante ao seu medio e as súas funcións, manexo e uso sustentábel.

O coñecemento e as prácticas ecolóxicas tradicionais a miúdo fan que a poboación indíxena, as minorías e as comunidades locais sexan moi áxiles e respectuosas na administración dos ecosistemas que máis precisan de protección. As linguas locais, minoritarias e indíxenas son almacéns e medios de transmisión destes coñecementos, dos comportamentos, das prácticas e das innovacións sociais relacionadas. Ao igual que as especies biolóxicas, as linguas e as culturas evolucionan naturalmente e mudan co tempo. Mais ao igual que pasa coas especies, o mundo está a sufrir unha crise de extinción masiva de linguas e culturas fabricada pola man do ser humano. *Terralingua* apoia a protección integrada, o mantemento e a restauración da diversidade mundial biolóxica, cultural e lingüística... creando ferramentas innovadoras para analizar as ligazóns entre estas diversidades e demostrar o seu significado global.

Forzas externas están a desposuírlles as terras, os recursos e o estilo de vida ás poboacións tradicionais, forzándoas a emigrar ou a subsistiren en ambientes moi degradados, esmagando as súas tradicións culturais ou a súa habilidade para mantelas, ou coaccionandoas para a asimilación lingüística e o abandono das linguas ancestrais.

As persoas que perdan a súa identidade lingüística e cultural pode que perdan un elemento esencial nun proceso social que ensina o respecto cara á natureza e a comprensión do medio natural e os seus procesos. Forzar esta conversión cultural e lingüística á poboación indíxena e demais xentes tradicionais non só viola os dereitos

humanos, mais tamén socava a saúde dos ecosistemas mundiais e as metas na conservación da natureza (www.terralingua.org).

A diversidade cultural está intimamente ligada á biodiversidade. O coñecemento colectivo humano sobre a biodiversidade e o seu uso e manexo descansa na diversidade cultural; pola contra a biodiversidade axuda moitas veces a fortalecer a integridade e os valores culturais (World Resources Institute, World Conservation Union, and United Nations Environment Programme 1992: 21).

Por que está a desaparecer a biodiversidade?

- A situación de pobreza e sen poder económico e político das persoas que viven nas ecorrexións máis diversas do mundo.
- A destrución do hábitat a través da explotación forestal, o espallamento da agricultura, o emprego de praguicidas e fertilizantes, deforestación, pesca excesiva, etc.
- O coñecemento sobre como manter a biodiversidade e o emprego sustentábel da natureza desaparece coas linguas.
- A situación de pobreza e sen poder económico e político das persoas que moran nas ecorrexións máis diversas do mundo.
- A destrución do hábitat e a falta de dereitos sobre as terras implica que as persoas teñan que migrar ás cidades.
- A educación formal ou oficial e os medios de comunicación de masas nas linguas dominantes concéntranse nas linguas dominantes a conta das linguas indíxenas / tribais / minoritarias. Os pais e as nais son enganad@s para que crean que teñen que escoller entre estas linguas e que as súas linguas son inútiles.

Programa das corporacións: homoxeneización + crecemento

Se a axenda das corporacións (lexitimada por algunha investigación) non for contrarrestada inmediatamente, estímase que a maioría das linguas que desaparecerán serán as tradicionais, e a maioría das linguas indíxenas do mundo non serán ensinadas ás crianzas no 2100 ou ficarán extinguidas completamente. Xa que moito do coñecemento sobre como manter a biodiversidade fica codificado nas linguas pequenas e locais, coa desaparición das linguas este coñecemento (que a miúdo é máis veraz ou sofis-

ticado que o coñecemento científico occidental) tamén desaparecerá. Isto significa destruír moitos dos requisitos indispensábeis para a vida na terra. É isto o que queremos?

De facto, a ciencia fica moi por detrás do movemento ambiental. Aínda está a ver a natureza como un obxecto para o uso e explotación humana. [...] A tecnoloxía empregou a suposta obxectividade científica como símbolo para enmascarar os problemas éticos e morais que emerxen de tal filosofía funcionalista e antropocéntrica. As forzas económicas e científicas dominantes asumen que as comunidades tradicionais deben mudar para atoparse cos estándares modernos, mais as xentes indíxenas e tradicionais senten que o que debería pasar é o contrario: a ciencia e a industria deben comezar a respectar a diversidade local e o Balance Sagrado. Deste xeito, a ciencia e a industria perderon a súa función lexítima como dirixentes globais responsábeis (véxase Posey 1999: 5-6).

A diversidade ecolóxica é esencial para a supervivencia planetaria a longo prazo

A diversidade ecolóxica é esencial para a supervivencia planetaria a longo prazo. A diversidade contén o potencial para a adaptación e a uniformidade pode pór en perigo unha especie fornecendo inflexibilidade e inadaptabilidade. Segundo van morrendo linguaxes e culturas, diminúen os testemuños dos logros do intelecto humano (Baker 2001).

Os ecosistemas máis fortes son os de máis diversidade

Na linguaxe da ecoloxía, os ecosistemas máis fortes son aqueles que posúen máis diversidade. A diversidade fica directamente ligada coa estabilidade; a variedade é importante para a supervivencia a longo prazo. O noso éxito neste planeta débese a unha habilidade para adaptarse a diferentes tipos de medios durante miles de anos. Esta habilidade nace da diversidade. Así, a diversidade cultural e lingüística maximiza as oportunidades para o éxito e a adaptabilidade humana (Baker 2001).

6. A sabedoría tradicional ecolóxica (TEK)

As áreas máis ricas en biodiversidade e menos degradadas adoitan ser áreas habitadas soamente por xentes indíxenas. Xa que a degradación se debe na súa maior parte ao ser humano, conclúese con que aquelas xentes indíxenas que non foron colonizadas por outros, foron e seguen a ser axentes importantes no mantemento da biodiversidade. O coñecemento que posúen cando interactúan co resto da natureza de xeitos non degradantes é parte do que se chama sabedoría tradicional ecolóxica.

Pódese definir a sabedoría tradicional ecolóxica como os coñecementos profundos sobre as especies animais e vexetais, as súas relacións mutuas e os ecosistemas que sostiveron ou gardaron os indíxenas ou as comunidades tradicionais desenvolvidas e transmitidas a través das xeracións.

TEK e as xentes indíxenas, Mito: «A «idade dourada» dos «nobres salvaxes» vivindo en harmonía coa natureza»

As clasificacións de plantas e animais obviamente reflicten o ambiente en que viven as persoas. Mais lévalles moito tempo desenvolverse; non son doazóns da natureza que se poidan dar por feitas. Isto explica moi ben por que as poboacións indíxenas non foron sempre boas coidadoras do seu medio.

Nesta liña, cómpre salientar que os estudos de Peter Mühlhäusler (2003) sobre illas desertas conclúen o seguinte:

- Precísanse arredor duns 300 anos para que se dea unha coincidencia entre a linguaxe e o medio biolóxico dos seus falantes en situacións en que xente se muda para un lugar novo coa súa antiga lingua; isto é ao comezo incompatíbel coa tarefa de falar sobre o novo contexto novo ambiente por este desaxuste inicial considerábel entre as categorías lingüísticas e as fronteiras naturais.
- A probabilidade é que pode que estraguen moito dese ambiente antes de que comecen a entender, clasificar e nomear; aínda que xa haxa outras xentes vivindo alí que teñen unha comprensión perfecta da biodiversidade que os rodea (como en Australia) ou non (como en Aotearoa / Nova Zelandia onde chegaron os primeiros Maorís hai un milenio).
- Na ausencia de nomes as persoas non aproveitan ou sobreexplotan o seu medio.

Mais se nós temos o vocabulario! Cal é o problema?

Aínda que o vocabulario estea aí, pode que as persoas aínda fiquen analfabetas ambientalmente, por exemplo incapaces de nomearen os animais, as plantas e as características da paisaxe (Mühlhäusler 2003: 41), por exemplo en contextos urbanos. Ou pode que a súa visión tecnoloxicamente orientada do mundo perciba a natureza como unha eco-máquina pasiva, para que sexa utilizada e explotada ao seu antollo polos seres humanos. Isto é, parcialmente, o que permite que a ideoloxía do crecementismo continúe.

Gramática = experiencia fosilizada

Cada gramática «pode ser vista como un rexistro da experiencia pasada, como o resultado dun proceso moi longo de adaptación a unhas condicións ambientais específicas» (Mühlhäusler 2003: 120). Isto resulta do feito de que cada lingua fica funcionalmente integrada con unha enorme variedade de parámetros exteriores á gramática

Varias perspectivas mundiais son privilexiadas dependendo das estruturas gramaticais de varias linguas. Isto tamén implica que pode que haxa unha discrepancia entre a funcionalidade pasada e os requisitos do presente (Mühlhäusler 2003: 100). Os argumentos de Mühlhäusler sobre as estruturas gramáticas das linguas europeas (calquera que estas foren) facéndoo máis doado, por exemplo a través de nominalizacións para construír problemas por exemplo a contaminación, como se fosen produtos para ser mercados e vendidos –as negociacións de Kioto e agora a de Copenhagen– e para non dicir nomes –as cousas pasan– fican amplamente ilustradas en varios artigos do *Lector Ecolingüístico* (2001), editado por Fill e Mühlhäusler.

Outro tipo de proba da casualidade?

É probábel que o coñecemento de como manter os aspectos da biodiversidade (e así a práctica de o facer) desapareza coa lingua. Luisa Maffi amosou na súa tese de doutoramento que os matices do coñecemento sobre as plantas medicinais e o seu emprego desaparecen cando a xuventude de México se torna bilingüe por mor de non ensinar por medio das súas propias linguas –a sabedoría non se transfíre ao español xa que este non ten o vocabulario para estes matices ou os discursos precisos. O ensino e a aprendizaxe de TEK resulta MOI difícil nas escolas de tipo occidental. Moitas poboacións indíxenas comezaron a organizar unha educación que se basea máis nas súas tradicións culturais.

Terras en que desova o salmón e a lingua Saami

Biólogos finlandeses acaban de *descubrir* que o salmón pode utilizar até os regachos máis pequenos para que o leve ao río Teno, onde desova, e non só os grandes ríos. Pekka Aikio, a daquela presidenta do Parlamento Saami de Finlandia (comunicación persoal, 29 de novembro do 2001) proclamou que os nomes tradicionais do saami para moitos deses regachos a miúdo inclúen a palabra do saami que significa 'leito para o desove do salmón'. O Saami coñecera este gran descubrimento centos de anos atrás. Isto é coñecemento ecolóxico inscrito / codificado nas linguas indíxenas.

Poden os investigadores occidentais recuperar o coñecemento indíxena desaparecido?

É posíbel que os investigadores occidentais descubran por eles mesmos o coñecemento que xa está codificado nas linguas indíxenas –mais, como neste caso, probabelmente, polo menos un milenio máis tarde que as persoas indíxenas. Mais en moitos casos, o coñecemento pode desaparecer de xeito que unha recuperación por parte dos investigadores occidentais sexa imposíbel, ou un redescubrimento do coñecemento pode que en calquera caso chegue demasiado tarde (a agricultura puido ter drenado os regachos).

Agora @s ecolingüistas vémonos acusados: «Nós» (ecolingüistas) queremos as poboacións indíxenas nos museos

Aquelas persoas preocupadas polas linguas en perigo son acusadas de quererem preservar / conservar as linguas e as sabedorías minoritarias baixo unha especie de condicións de museo. Somos acusadas de impediren que as poboacións indíxenas se tornen modernos (isto faise insinuando que queren ser asimilados por unhas linguas e culturas máis grandes, maiormente occidentais a costa das súas).

Para os ollos de moitos atrasados, estáticos e non científicos o tradicional elimina todas as oportunidades económicas e de mobilidade social

De facto, en moitos casos, atópase que a sabedoría tradicional ecolóxica é máis completa e exacta que a sabedoría científica occidental de medios locais (Oviedo e Maffi 2000: 6-7). As categorías Linneanas baseáronse na categorización da natureza empregada polos Saami (Gutiérrez-Vázquez 1989: 77).

A sabedoría tradicional ecolóxica non é sabedoría estática

O que é «tradicional» da sabedoría tradicional non é só a súa antigüidade senón *o xeito en que é adquirida e utilizada*. Noutras palabras, o proceso social de aprender e compartir o coñecemento, o cal é único para cada cultura indíxena, reside no mesmo corazón da súa tradicionalidade. Moito deste coñecemento é realmente bastante novo mais ten un significado social e un carácter legal, completamente diferente ao do coñecemento que adquiren as persoas indíxenas dos colonos e das sociedades industrializadas (Posey 1999: 4).

A colonización do coñecemento – Que é moderno?

Etiquetar algún coñecemento como coñecemento ecolóxico tradicional tamén pode ser parte dun proceso de invalidación. Cando as epistemoloxías, as filosofías e os xeitos de facer ciencia indíxenas son cuestionadas e reducidas a sabedoría local ou a ciencias étnicas polos científicos occidentais, están a reproducir as relacións de poder colonial e neocolonial. O acceso ao coñecemento académico occidental é presentado como o acceso ao mundo moderno e ao desenvolvemento, o que reproduce os lazos do colonianismo (Pérez 2009: 213).

Michael Warren (2001: 448) di o seguinte:

Motivo de grande preocupación é a rapidez coa que se perde o coñecemento que posúen moitas comunidades ao mesmo tempo que se impón o ensino formal universal con un currículo que adoita ignorar as contribucións das comunidades locais ao coñecemento global. A perda de coñecemento fica ligada indelebelmente á extinción das linguas xa que a lingua é o maior mecanismo para preservarmos e transmitirmos o coñecemento dunha comunidade de xeración en xeración.

O concello internacional pola ciencia (ICSU) www.icsu.org

O informe de ICSU no 2002 «Ciencia, coñecemento tradicional e desenvolvemento sustentábel» amosou moi claramente que a sabedoría tradicional ecolóxica dá a imaxe de conter unha inmensa cantidade de coñecementos descoñecidos de máxima importancia para a ciencia (occidental), e que os científicos están preocupados pola diminución da súa transmisión. Este é o proceso de transmisión que fica en grave risco xa que as crianzas dos indíxenas (e das minorías) asisten a escolas onde as súas linguas

non son os idiomas principais de ensino e onde os seus costumes culturais non impregnan os procesos lingüísticos. Evitar a transmisión pode verse como xenocidio lingüístico e cultural (véxase Skutnabb-Kangas / Dunbar 2010).

Unha gran parte do ensino actual dos indíxenas e as minorías non é que só impide que se manteñan e se desenvolvan as linguas do mundo, senón que pode que sexan partícipes de crimes contra a humanidade e mesmo de xenocidio lingüístico, tal e como son definidos en documentos internacionais. É importante para o futuro do planeta que se manteñan todas as linguas do mundo tamén porque moitos dos coñecementos máis sofisticados tocante a como vivirmos dun xeito sustentábel e en equilibrio co ecosistema está codificado nelas.

Volvamos ao principio: onde leva a actual globalización, homoxeneización e crecemento? As nosas ameazas pre-modernas

Anthony Giddens escribiu no seu libro *As consecuencias do modernismo* (1990) sobre os medios que están en risco e ameazados. Baixo «culturas pre-modernas», sitúa ameazas que en 1990 pensaba que xa non existían nas nosas culturas modernas. Así e todo, o crecemento e a homoxeneización en gran parte trouxéronnos de volta o que podemos ver no seguinte esquema:

- Pre-modernidade:
 - Perigos e ameazas emanan da natureza:
 - Predominio de enfermidades infecciosas
 - Clima pouco fiable
 - Inundacións e outros desastres naturais
- Elevadas consecuencias de risco da modernidade:
 - Aumento do poder totalitario
 - Conflitos nucleares e guerras a grande escala
 - Esmorecemento ecolóxico ou desastres
 - Colapso do crecemento económico

Consecuencias do desleixo da obriga primordial: vivir en harmonía coa natureza

O coñecemento tradicional non é só o que debes saber sobre o sitio onde habitas; é sabedoría de como vivir nun lugar que coñeces. Esta sabedoría colectiva é vital para a supervivencia e o benestar de cada unha das sociedades humanas e de todas as demais

especies coas que compartimos o noso fogar terreal. Este é o corazón mesmo da idea de diversidade biocultural que defende *Terralingua*. Fai que nos lembremos da nosa innegábel interconexión e interdependencia con todo o que está vivo. Aléntanos a realizar o noso deber de respectar a natureza e vivir en harmonía con ela. Estanos a avisar das consecuencias de abandonar a nosa obriga primordial.

Onde é que se sitúa vostede?

Se vostede é neutral en situacións de inxustiza significa que escolleu o lado do opresor. Se un elefante está pisando o rabo dun rato e vostede di que se mantén neutral, o rato non vai apreciar a súa neutralidade. (Bishop Desmond Tutu, citado de Fine et al. 2004: 4).

Referencias bibliográficas

Baker, C. (2001): «Linguistic genocide in education – or worldwide diversity and human rights?». *Journal of Sociolinguistics*, 5: 2, 279-283.

Bourdieu, P. (2001): *Contre-feux 2. Pour un mouvement social européen* (Paris: Raisons d’agir).

Dunbar, R. / Skutnabb-Kangas, T. (2010): *Indigenous Children’s Education as Linguistic Genocide and a Crime against Humanity? A global view*. Anexo do *Journal of Indigenous People Rights*.

Fill, A. / Mühlhäusler, P. (eds.) (2001): *The Ecolinguistic Reader. Language, ecology and environment* (London / New York: Continuum).

Fine, M. / Roberts, R. A. / Torre, M. E. / Janice Bloom, April Burns, Lori Chajet, Monique Guishard and Yasser Arafat Payne (2004): *Echoes of Brown: The Legacy of Brown v. Board of Education, Fifty Years Later* (New York: The Graduate Center, City University of New York).

Fishman, J. A. (2006): «Language Policy and Language Shift», en Ricento, T. (ed.): *An Introduction to Language Policy. Theory and Method*: 311-328 (Oxford: Blackwells).

Giddens, A. (1990): *The Consequences of Modernity* (Stanford, CA: Stanford University Press).

Graddol, D. (ed.) (2001): *Applied Linguistics for the 21st Century*. *AILA Review* 14, 60-75.

Gutiérrez-Vazquez, J.M. (1989) : « Science Education in Context: A Point of View from the Third World», en Dias, P.(ed.): *Basic Science Knowledge and Universalization of Elementary Education*. Volume II. *Basic Science at Elementary Education Level* (Frankfurt: Johann Wolfgang Goethe-University. Pädagogik Dritte Welt).

Hamelink, C. J. (1994): *Trends in world communication: on disempowerment and self-empowerment* (Penang: Southbound, and Third World Network).

Hart, M. / Negri, A. (2000): *Empire* (Cambridge, MA: Harvard University Press).

Jayasuriya, D. L. (1986): «Ethnic minorities and issues of social justice», en *Contemporary Australian society, Keynote address at Australian Adult Education Conference «Learning for Social Justice»* (Canberra: Australian National University).

Klein, C. (2007): «The Valuation of Plurilingual Competences», *International Journal of Multilingualism*, 4:4, 262-282.

Klein, N. (2002): *Fences and windows. Dispatches from the front lines of the globalization debate* (London: Flamingo).

Krashen, S. (2006): «Did reading first work?» (<http://www.districtadministration.com/pulse/commentpost.aspx?news=no&postid=17349>).

Laitin, D. / Reich, R. (2003): «A Liberal Democratic Approach to Language Justice», en Kymlicka, W. / Patten, A. (eds): *Language Rights and Political Theory*: 80-104 (Oxford: Oxford University Press).

Mühlhäusler, P. (2003): *Language of Environment - Environment of Language. A Course in Ecolinguistics* (London: Battlebridge).

Oviedo, G. / Maffi, L. (2000): *Indigenous and Traditional Peoples of the World and Ecoregion Conservation. An Integrated Approach to Conserving the World's Biological and Cultural Diversity* (Gland, Switzerland: WWF International / Terralingua).

Patten, A. / Kymlicka, W. (2003): «Introduction: Language Rights and Political Theory: Context, Issues, and Approaches», en Kymlicka, W. / Patten, A. (eds): *Language Rights and Political Theory*: 1-51 (Oxford: Oxford University Press).

Pérez, S. J. (2009): «The contribution of postcolonial theory to intercultural bilingual education», en Skutnabb-Kangas, T. / Phillipson, R. / Mohanty, A. / Panda, M. (eds.): *Social Justice through Multilingual Education*: 201-219 (Bristol: Multilingual Matters).

Posey, D. A. (1999): «Introduction: Culture and nature - the inextricable link», en Posey (ed.) *Cultural and spiritual values of biodiversity*: 3-18 (London: Intermediate Technology).

Ritzer, G. (1996): *The McDonaldization of Society. An Investigation into the Changing Character of Contemporary Social Life* (Thousand Oaks, CA/London/New Delhi: Pine Forge Press).

Scollon, R. (2004): «Teaching language and culture as hegemonic practice», *The Modern Language Journal*, 88: 2, 271-274.

Skutnabb-Kangas, T. (2000): *Linguistic Genocide or Linguistic Human Rights in the Education of Sign Language Users and other Linguistic Minorities* (World Federation of the Deaf).

Skutnabb-Kangas, T. / McCarty, T. (2008): «Clarification, ideological/ epistemological underpinnings and implications of some concepts in bilingual education», en Cummins, J. / Hornberger, N. H. (eds.): *Encyclopedia of Language and Education*: 3-17 (New York: Springer).

Skutnabb-Kangas, T. (1988): «Resource power and autonomy through discourse in conflict a Finnish migrant school strike in Sweden», en Skutnabb-Kangas, T. / Cummins, J. (eds.) (1988): *Minority education: from shame to struggle*: 251-277 (Clevedon, Avon: Multilingual Matters).

Skutnabb-Kangas, T. / Maffi, L. / Harmon, D. (2003): *Sharing A World of Difference. The Earth's Linguistic, Cultural, and Biological Diversity*. (Paris: UNESCO).

Warren, D. M. (2001): «The role of the global network of indigenous knowledge resource centers in the conservation of cultural and biological diversity», en Maffi, L. (ed.): *On Biocultural Diversity. Linking Language, Knowledge and the Environment*: 446-461 (Washington, D.C.: The Smithsonian Institute Press).